

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN URBANA DA CIDADE

REUNIDOS

Por unha banda, María Martínez Allegue, en nome e representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, José Manuel Rey Varela, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I. Na súa orixe Ferrol foi un porto pesqueiro, pero o seu desenvolvemento debeuse a Felipe V ao recoñecer o valor estratéxico da súa ría e construír o arsenal militar da Graña e os estaleiros. A cidade pasou a controlar os intereses marítimos de España no Atlántico Norte, ameazados por Inglaterra.

Os enxeñeiros navais levantaron o barrio da Magdalena, declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1983, que se caracteriza polo seu trazado xeométrico, propio da Ilustración, dando lugar a unha cidade que a finais do século XVIII alcanzaría os 20.000 habitantes.

A pesar do seu nome pode dicirse que é o centro de Ferrol, xa que nel se sitúa a Casa Consistorial, os principais comercios e unha gran cantidade de locais de hostalaría.



A Magdalena presenta seis rúas paralelas, cortadas por nove rúas transversais tamén paralelas, formando unha cuadrícula con dúas prazas cadradas nos extremos, a de Amboaxe e a Praza de Armas.

As vivendas estaban destinadas á burguesía ferrolá. Son casas de dúas ou tres alturas, con amplos miradoiros, balcóns e galerías acristaladas de madeira lacada en cor branca, inspiradas nas que cubrían a popa dos barcos. Desde Ferrol estas galerías estendéronse ao resto de Galicia.

A principios do s. XX, o arquitecto Rodolfo Ucha incorpora ao barrio numerosas edificacións modernistas. Nestas rúas atopamos algúns dos monumentos máis emblemáticos de Ferrol, como o Teatro Jofre, a Concatedral de San Xiao, o edificio da Peixería, o Mercado da Magdalena, o Concello ou a Sede Afundación.

II. No século XIX, o rei Fernando VII trasladou todas as unidades navais a Cádiz, deixando a Ferrol sen actividade militar nin industrial. Anos despois, o Marqués de Molíns impulsou un plan de rearmamento naval que reactivou os estaleiros ferroláns.

III. Nas décadas de 1910 e 1920, Ferrol modernízase: electrificación, traída de auga potable e rede de sumidoiros... Tamén mellora as súas comunicacións (ferrocarril, tranvía eléctrico, porto comercial) e consegue chegar aos 35.000 habitantes en 1930, pasando a ser a terceira cidade máis importante de Galicia.

Durante a Guerra Civil española, Ferrol desenvolveu un papel estratéxico como o máis importante centro de construción, reparacións e aprovisionamento de buques da España franquista. Tras a guerra, o favor do Estado explica a reactivación da industria naval en Ferrol, que chegou a empregar a 20.000 obreiros. En 1950 Ferrol alcanzaría os 77.000 habitantes.

IV. Na actualidade, Ferrol continúa sufrindo os efectos da depresión económica dos anos 80, como consecuencia da crise do naval e unha menor presenza militar, máis os efectos das recentes crises. Aínda así, concluíronse as obras da AP-9, a autovía Ferrol-



Vilalba, a estrada ao porto exterior e a obra do porto de Caneliñas.

V. O Concello de Ferrol presentou con data do 22 de novembro de 2024 un escrito solicitando a colaboración da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para acometer o proxecto de rexeneración urbana da cidade.

VI. O Concello de Ferrol ten un potencial único como foco industrial e económico, polo que resulta de interese o seu fomento e desenvolvemento, precisando de estímulos públicos en participación e investimentos, en apoios á diversificación.

Tras moitos anos de declive demográfico, no último ano a cidade cambiou esa tendencia e creceu en poboación tendo os índices máis baixos en materia de desemprego, incrementándose un 34% as licencias de obra maior, un 61% as rehabilitacións integrais dos edificios e un 29% as rehabilitacións interiores. Todas estas premisas fan que a cidade de Ferrol se atope no mellor momento para a súa rexeneración e rehabilitación urbana.

En base ao exposto, conclúese que o principal obxectivo das actuacións obxecto de convenio céntrase na rexeneración urbana de barrios declarados BIC, históricos e situados na traza do Camiño de Santiago.

En Ferrol, o Camiño Inglés discorre por dous tramos diferentes:

-O primeiro discorre pola zona histórica da cidade: zona antiga ou Ferrol Vello, zona céntrica do barrio da Magdalena e antigo barrio de Esteiro.

-O segundo tramo desenvólvese pola expansión urbana da cidade, en torno ao barrio de Caranza, así como a comunicación co polígono empresarial da Gándara.

VII. Desde o punto de vista espacial, as intervencións de rexeneración teñen como obxectivo reintegrar unha área con fortes deficiencias ou en demostrada decadencia ao resto da cidade, mellorando a conectividade tanto nas escalas de barrio como de cidade no seu conxunto. A coherencia na configuración do espazo público e da rede de equipamentos urbanos persegue garantir a integración da zona designada para a

rexeneración.

VIII. O proxecto presentado polo concello céntrase en tres áreas prioritarias de intervención:

- Adquisición e adecuación de solares
- Rehabilitación de edificios públicos
- Reurbanización de rúas e prazas.

Trátase dunha proposta que integra patrimonio, funcionalidade e sostibilidade para proxectar Ferrol cara a un futuro urbano inclusivo e resiliente. Este esforzo representa unha oportunidade para revivir a cidade, establecendo unha folla de roteiro claro para o seu desenvolvemento estratéxico e a súa revitalización urbana.

IX. Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, para que o Concello de Ferrol poida inverter o proceso de decadencia económica, demográfica e social no que está sumido.

X. A finalidade da colaboración constitúe, deste xeito, unha razón de interese público que lle confire un carácter excepcional á axuda, obxecto do convenio. En consecuencia, consonte co artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

XI. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas. Tamén lle corresponden as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de



xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que serán exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente.

Dentro da consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado k) do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101, do 27 de maio) e do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril).

Esta dirección xeral conta con programas dirixidos á dotación de equipamentos públicos e de mellora de contornas urbanas.

Os procesos de urbanización adecuados ofrecen a posibilidade de novas formas de inclusión social, propiciando contornas máis equitativas nos que se facilita o acceso a servizos e a novas oportunidades, promovendo a participación e a mobilización dos seus cidadáns, e reflectindo a diversidade cultural e social das cidades.

As intervencións nas áreas definidas como contornas urbanas recollen unha serie de actuacións enfocadas a mellorar o espazo público, tendo en conta as necesidades de utilización e a mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida:

- Incrementando a oferta de infraestruturas e equipamentos óptimos para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter cultural que permitan garantir o acceso á cultura á totalidade da poboación.
- Recuperando o espazo público peonil para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños.
- Mantendo e conservando as rúas en óptimas condicións de seguridade para os vehículos e os transeúntes.



- Incrementando a oferta dos espazos de convivencia, con especial atención a aqueles que revistan un especial interese histórico, artístico ou arquitectónico.

En definitiva, actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

En consecuencia co anterior, as actuacións propostas polo concello, pola súa finalidade, forman parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

XII. O Concello de Ferrol ten atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.

XIII. A Xunta de Galicia considera axeitado colaborar no financiamento deste proxecto de rehabilitación urbana da cidade de Ferrol e para iso contribuirá cunha achega económica máxima de nove millóns de euros (9.000.000,00 euros) IVE engadido, equivalente ao 75% do seu orzamento estimado, que ascende a doce millóns de euros (12.000.000,00 €), IVE engadido.

A dita achega, ten que realizarse a través do Concello de Ferrol, xa que esta institución é a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Por outra banda, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da actuación.

Polo exposto, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no exercicio das súas competencias, e o Concello de Ferrol, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración a través dun convenio que se estrutura nas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución do proxecto de rexeneración e revitalización da cidade de Ferrol, a través de intervencións urbanísticas, arquitectónicas e sociais coas seguintes finalidades:

- A preservación do patrimonio histórico mediante a rehabilitación de edificios emblemáticos e espazos urbanos como o barrio da Magdalena.
- O impulso da funcionalidade urbana coa reurbanización de rúas e prazas mellorando a accesibilidade, a conectividade peonil e a calidade dos espazos públicos.
- A diversificación económica e social coa creación de infraestruturas, como equipamentos culturais, sociais e deportivos, que incentiven o comercio, o turismo e a vida comunitaria.
- A sostibilidade e a innovación a través do deseño de solucións urbanísticas que integren espazos verdes e promovan unha mobilidade eficiente e respectuosa co medio ambiente.

O proxecto céntrase en tres áreas prioritarias de intervención:

1. A adquisición de edificios, solo e a súa adecuación para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais:
 - Rehabilitación para uso museístico do edificio "antigo Correo Gallego", rúa Magdalena, 186, deseñado por Rodolfo Ucha Piñeiro.
 - Solar na Graña para aparcamento de 60 prazas de vehículos automóbiles
 - Solar para un espacio multifuncional na Avda. Breogán e rúa Espartero (barrio Ferrol Vello): equipamento educativo, zonas verdes e aparcamento.
 - Solar para centro de saúde en San Juan: creación equipamento sanitario
 - Solar para equipamento deportivo e social en San Juan. Dinamización deportiva e social nun entorno integrado
 - Local para centro social no barrio Ultramar. Inclusión e cohesión social.
 - Local para centro social en Caranza. Espazo de encontro e participación.



O orzamento estimado destas actuacións é de 4.732.346,11 €, dos que:

- Adquisicións: 1.864.436,24 €
- Adecuacións: 2.867.909,87 €

2. A rehabilitación de edificios públicos para recuperar espazos emblemáticos co fin de promover actividades comunitarias e económicas:

- Centro cultural Carvalho Calero. Reparación interior
- Equipamento social en Recimil. Espazo multiusos de uso comunitario
- Mercado da Magdalena. Renovación integral baseada na sostibilidade e renovación comercial
- Centro cívico Caranza. Reparación da envolvente

O orzamento estimado destas actuacións é de 2.347.500,00 €

3. A reurbanización de rúas, prazas e accesos, para renovar zonas urbanas críticas e garantir a conectividade e sostibilidade do tecido urbano:

- Reurbanización da Rúa Rubalcaba, fase I (tramo entre a rúa Sol e a intersección coa rúa María). Deseño orientado á mobilidade peonil e harmonía paisaxística.
- Mellora da accesibilidade en Casas 398, Caranza, para garantir unha conectividade inclusiva.
- Redeseño do Parque O Montón, Caranza. Recuperación paisaxística cun enfoque de sustentabilidade ambiental.
- Instalación de accesos mecánicos para a comunicación peonil entre os barrios de A Magdalena e Canido.
- Remodelación da Praza do Inferniño para consolidar un nodo social central.
- Iluminación e mobiliario da rúa Real. Mellora da estética e funcionalidade urbana.
- Reurbanización da Rúa Brasil. Actualización do espazo público para un uso versátil.
- Habilitación e adecuación de dúas parcelas do antigo polígono de tiro de Catabois para a dotación dun espazo público de lecer e espaxamento.



O orzamento estimado destas actuacións é de 4.920.153,89 €

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

1. A Xunta de Galicia asume os seguintes compromisos:

- A través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:

Contribuír ao financiamento das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega económica máxima de nove millóns euros (9.000.000,00 euros) IVE engadido, equivalente ao 75% do seu orzamento estimado, que ascende a doce millóns de euros (12.000.000,00 €), IVE engadido, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.762.0, código de proxecto 2015 00235, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O compromiso asumido pola Xunta financiará a parte do proxecto destinada a obras de adecuación, rehabilitación e reurbanización, cun orzamento total estimado de dez millóns cento trinta e cinco mil cincocentos sesenta e tres euros con setenta e seis céntimos (10.135.563,76 €), polo que a contía da subvención outorgada representa o 88,80% de dito importe.

O Concello asume integramente a parte destinada a adquisicións de solares e edificios, cun importe de un millón oitocentos sesenta e catro mil catrocentos trinta e seis euros con vinte e catro céntimos (1.864.436,24 €) e o 11,20% da parte correspondente ás obras, é dicir, un millón cento trinta e cinco mil cincocentos sesenta e tres euros con setenta e seis céntimos (1.135.563,76 €), o que fai un total de tres millóns de euros (3.000.000,00 €), o 25% do investimento total estimado.

O investimento distribúese nas seguintes anualidades:



Anualidade	Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (75%)	Concello de Ferrol (25%)
2025	1.500.000,00 €	500.000,00 €
2026	3.262.500,00 €	1.087.500,00 €
2027	3.262.500,00 €	1.087.500,00 €
2028	975.000,00 €	325.000,00 €
Total	9.000.000,00€	3.000.000,00 €

A distribución do investimento deberá adaptarse ao ritmo de execución proposto no cronograma inserido no Anexo II.

Esta axuda, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da execución das obras, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execución dos traballos. Os aboamentos parciais que se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4. Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Ferrol, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% das obras obxecto de subvención. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.



TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Ferrol asume as seguintes obrigas:

1. En relación cos bens inmobles que o concello vai adquirir deberá dispoñer de certificación de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, que presentará na forma indicada no punto 8 desta cláusula.

2. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

- O concello deberá destinar os anteditos bens ao fin concreto para o que se lle outorga esta subvención durante un período de 5 anos a contar dende a acta de recepción da obra.

- Esta circunstancia deberá facerse constar na escritura pública así como o importe da subvención debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

- O incumprimento da obrigaçión de destino referida na letra anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título.

- Non se considerará incumprida a obrigaçión de destino referida cando o cambio de destino, alleamento ou gravame sexa autorizado pola administración concedente. Neste suposto, o adquirente asumirá a obrigaçión de destino dos bens polo período restante e, no suposto de incumprimento da mesma, do reintegro da subvención.

Os importes correspondentes á adquisición de edificacións e solo non se consideran gastos subvencionables, pero teranse en conta como parte da



porcentaxe do 25% correspondente á achega municipal aos efectos de xustificación da subvención outorgada.

3. Prestarlle aprobación ao proxecto básico e de execución das obras de rehabilitación e rexeneración urbana enumeradas na cláusula primeira, con remisión do acordo de aprobación polo órgano municipal competente á Dirección xeral de Urbanismo con carácter previo ao inicio das mesmas.

4. Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o promotor e beneficiario destas actuacións.

5. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia



6. Levar a cabo a contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas na documentación técnica, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no apartado 1 da cláusula segunda.

7. Comunicarlle á Dirección Xeral de Urbanismo a data de recepción das obras para o efecto de que se envíe un representante, que estará presente para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



8. Presentar obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a correspondente rendición dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se indica de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, segundo o disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. A estes efectos, indica o artigo 3 do citado decreto, que con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do concello. Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron as obras obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal competente; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reportaxe fotográfica na que se constate a execución das obras obxecto de convenio, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia no apartado 4.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establécese no día 10 de decembro de cada unha das anualidades de convenio.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). Estes formularios só terán validez se están debidamente asinados polo representante legal da entidade correspondente ou persoa debidamente acreditada.

9. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

10. Presentar unha declaración responsable de que non concorren, no que lle atinxe, as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que imposibilitan para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública.

11. Comunicarlle a Dirección Xeral de Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

12. Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

13. Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

14. A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007 e no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

15. O Concello de Ferrol presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG núm. 153 do 9 de agosto). Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

16. Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio e mailo seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

1. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Urbanismo, financiará as actuacións ata un máximo de nove millóns de euros (9.000.000,00 €) IVE engadido, equivalente ao 75% do custo total das actuacións contempladas na cláusula primeira, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao Concello de Ferrol, contra a presentación por este das certificacións de obra executada. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais sen que os mesmos



superen o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes xustificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado 8 da cláusula terceira.

2. Unha vez rematados os traballos obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Así mesmo, deberá presentarse un certificado expedido pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa relativo a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Non se entenderá incumplido o obxecto deste convenio no caso de modificacións das contías estimadas previstas no Anexo I para cada proxecto, sempre que non se supere o importe total da axuda outorgada previsto na cláusula segunda. Ditas modificacións deberán obedecer a razóns xustificadas.

Así mesmo, non se entenderá incumplido o obxecto deste convenio no caso de que non se executen todas as actuacións relacionadas na cláusula primeira, sen prexuízo de que, se o investimento total xustificado coas actuacións realmente executadas non acada o importe máximo estimado na referida cláusula, o importe da axuda se reduza proporcionalmente na porcentaxe de investimento non realizada.

De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se a actividade se financiara ademais de coa presente subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumplimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.



Con anterioridade a facerse efectivo o pagamento tal como establece o artigo 60.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o órgano outorgante realizará a verificación previa de que o beneficiario está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos previstos nos artigos 10 e 11 do citado Decreto 11/2009.

3. Unha vez revisada e validada a documentación xustificativa a Dirección xeral de Urbanismo aboará súa achega económica na conta bancaria indicada polo concello na solicitude de pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar, de acordo co establecido na cláusula segunda, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento estimado establecido no anexo I.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas limitará, en todo caso, a súa achega económica aos límites pactados no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.



SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, composta por:

- Unha persoa representante da Dirección Xeral de Urbanismo
- Unha persoa representante do Concello de Ferrol

Esta comisión asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada parte, as seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento dos fins previstos no presente convenio.
- Realizar un seguimento das actuacións e/ou actividades incluídas no presente convenio.
- Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde en beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.
- Resolver as dúbidas e controversias que se xeren na interpretación e/ou aplicación do convenio.

Os membros da Comisión de Seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse cunha periodicidade cando menos semestral, adoptándose os acordos que procedan por maioría dos membros.

Ás reunións da dita comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, aquelas persoas técnicas ou representantes das Administracións ou entidades intervenientes, así como se é o caso, representantes doutros organismos ou entidades cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento dos compromisos asumidos en virtude deste convenio.

A presidencia da Comisión de seguimento corresponderalle á persoa representante da Dirección xeral de Urbanismo.

A este respecto, para a súa válida constitución deberán estar presentes os representantes de todas as partes intervenientes no convenio.



En todo o non previsto expresamente neste convenio para a Comisión de Seguimento, seralle aplicable o réxime dos órganos colexiados regulado na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou lexislación que en diante o substitúa.

SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).



NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá implicar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do acordo, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio nin o incremento do número de anualidades orzamentarias.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente durante un período de catro anos, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de catro anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTO

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, correspondéndolle en último término a resolución das cuestións que poidan xurdir sobre a súa interpretación, execución e cumprimento á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. A



xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

2. Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

3. O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente convenio na data sinalada.

Pola Xunta de Galicia,
A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue

Polo Concello de Ferrol
O alcalde-presidente, José Manuel Rey Varela



**ANEXO I
ORZAMENTO ESTIMADO**

ADQUISICIÓNS DE EDIFICIOS, SOLO E ADECUACIÓN		
Denominación	Valor taxación	Importe px. obra
Edificio Ucha, Rúa Magdalena,186	174.542,20 €	227.909,87 €
Solar na Graña para aparcamento de 60 prazas de vehículos automóbiles		250.000,00 €
Solar para un espacio multifuncional na Avda. Breogán e rúa Espartero (barrio Ferrol Vello)	589.522,92 €	850.000,00 €
Solar para centro de saúde en San Juan	354.915,33 €	
Solar para equipamento deportivo e social en San Juan	444.193,68 €	1.360.000,00 €
Local para centro social no barrio Ultramar	200.970,72 €	180.000,00 €
Local para centro social en Caranza	100.291,39 €	
Subtotal	1.864.436,24 €	2.867.909,87 €
REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS		
Denominación		Importe px. obra
Centro cultural Carvalho Calero		378.937,04 €
Equipamento social en Recimil		485.741,38 €
Mercado da Magdalena		1.028.386,89 €
Centro cívico Caranza		454.434,69 €
Subtotal		2.347.500,00 €
REURBANIZACIÓN DE RÚAS, PRAZAS E ACCESOS		
Denominación		Importe px. obra
Reurbanización da Rúa Rubalcaba, fase I		1.500.000,00 €
Mellora da accesibilidade en Casas 398, Caranza		500.000,00 €
Redeseño do Parque O Montón, Caranza		250.000,00 €
Instalación de accesos mecánicos para a comunicación peonil entre os barrios de A Magdalena e Canido		800.000,00 €
Remodelación da Praza do Inferniño		800.000,00 €
Iluminación e mobiliario da rúa Real		270.286,55 €
Reurbanización da Rúa Brasil		300.000,00 €
Habilitación e adecuación de dúas parcelas do antigo polígono de tiro de Catabois		499.867,34 €
Subtotal		4.920.153,89 €
TOTAL		12.000.000,00 €



ANEXO II CRONOGRAMA

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN																
Proxecto	2025				2026				2027				2028			
	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre
Adquisición e adecuación de solares clave para infraestruturas estratégicas.																
Edificio Ucha, rúa Magdalena, 186			Adquisición			Obra										
Solar na Graña para aparcamento de 60 vehículos						Obra										
Solar para equipamento multifuncional na Avenida Breogán e rúa Espartero.			Adquisición						Obra							
Solar para centro de saúde en San Juan			Adquisición													
Solar para equipamento deportivo e social en San Juan			Adquisición						Obra							
Local para centro social no Barrio Ultramar				Adquisición			Obra									
Local para centro social Caranza				Adquisición												
Rehabilitación de edificios públicos: Potenciando el patrimonio local.																
Centro cultural Carvalho Calero					Obra											
Equipamento social en Recimil					Obra											
Mercado da Magdalena																
Centro cívico Caranza					Obra											
Proxectos de reurbanización para la accesibilidade, funcionalidade y sostibilidade																
Reurbanización da rúa Rubalcava 1ª Fase					Obra											
Mellora da accesibilidade en Casas 398, Caranza						Obra										
Redeseño do Parque O Montón, Caranza						Obra										
Instalación de accesos mecánicos entre A Magdalena e Canido						Obra										
Remodelación de Plaza Inferniño												Obra				
Iluminación e mobiliario na rúa Real			Obra													
Reurbanización da rúa Brasil													Obra			
Habilitación e adecuación de dúas parcelas do antigo polígono de tiro de Catabois					Obra											
			2.000.000,00 €			4.350.000,00 €			4.350.000,00 €				1.300.000,00 €			

